

Típicos tópicos

Os medos e as dúbidas, os encontros e desencontros, o ánimo e o desánimo, as vitorias e os fracasos rodean a Nano, protagonista que lle dá nome á novela que Everest Galicia vén de publicar na colección “Punto de Encontro.”

A súa autora, Concha Blanco, xa coñecida polas súas publicacións no eido da poesía, do conto ou da novela ofrece a un público mozo a posibilidade de reflexionar sobre determinados aspectos que quizais pouco teñan que ver coa problemática plantexada polo protagonista, pero que si poden suscitar controversia á hora de actuar e que permiten quizais analizar o camiño adoitado por Nano e aplicalo á propia experiencia.

Despois dalgún tempo, Nano decide telefonar a unha vella amiga, concertar unha cita e con ela lembrar un pasado doloroso, pero que ao mesmo tempo lle concede a posibilidade de afrontar o seu presente, profesionalmente moi próspero, pero moi atromentado dende o punto de vista emocional. E todo porque se nega a aceptar publicamente a súa condición de homo-

Polas vías do cotián



MARÍA NAVARRO



sexual. Quere o destino que un asasinato trunque o primeiro encontro con Román e será tamén o destino, caprichoso, o que favoreza despois a relación con Daniel.

Ao longo de trinta e tres capítulos, imos coñecendo retallos do pasado de Nano, vínculos familiares, momentos do presente e toda unha sorte de sentimentos encontrados e confrontados que farán que a novela circule polas vías do cotián, deténdose e recreándose, iso si, nos típicos tópicos previsibles e insulsos que semellan obedecer á intención de captar a atención facilona dun público xuvenil fascinado polas relacións de amizade sinceras, subxugado polos primeiros amoríos, abraiado polo diferente ou encantado coa dose detectivesca que non podía faltar nunha novela que quere ademais engadir unha pinga de intriga.

As veces, presentar a realidade achegando de modo forzado algún elemento que poida ser distorsionante, pero que pouco teña que ver coa trama central, non fai máis que empobrecer un relato que xa de por si non auguraba moi rico. Que o lector xulgue!

BLANCO, Concha, *Nano*, Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2008, 137 páxinas.